
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 8 DE MAIO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: aparcadoiro disuasorio en Domaio. Moaña–Pontevedra.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se aproba o regulamento do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e Telefónica de España, S.A.U., para o deseño, desenvolvemento e lanzamento dun programa de apoio ao desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en Galicia polo que se establece un programa de incentivos á excelencia emprendedora en materia TIC, por un importe de cincocentos vinte e cinco mil euros (525.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual derivado da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.



CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto da obra: actualización e terminación das obras de acceso ao porto de Burela, por unha contía de sete millóns seiscentos sesenta e dous mil cento oitenta euros con cincuenta e seis céntimos (7.662.180,56 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado "LAT 132 kV O Irixo-Lalín", de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se convocan seis bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de douscentos sesenta e seis mil oitocentos dezaseis euros con dezaseis céntimos (266.816,16 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda cuarta ao Convenio de colaboración asinado o 8 de setembro de 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Cruz Vermella Española para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe máximo de cento sesenta e cinco mil oitocentos setenta e un euros e oitenta e nove céntimos (165.871,89 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda terceira ao Convenio de colaboración asinado o 15 de decembro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento trinta e nove mil cinco euros con corenta e cinco céntimos (139.005,45 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 2 de xaneiro de 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sesenta e un dous mil setecentos euros con vinte e sete céntimos (62.700,27 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Concello de Abegondo, Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) e a Consellería de Sanidade, para a posta en marcha do proxecto “Rural supplies: sostenibles solutions for very small water supplies”, beneficiario do programa LIFE +, da Comisión Europea (LIFE12ENV/ES/000557), por un importe de setecentos setenta e catro mil cento vinte e dous euros (774.122,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan integral de emigración 2014-2016.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNVIERSITARIA

- Informe sobre prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de grao de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario galego para o curso 2014/2015



APROBADO O DECRETO DE EXPROPIACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO DISUASORIO EN DOMAIO, NO CONCELLO DE MOAÑA

- ***A Consellería de Medio Ambiente avanza un trámite máis cara a licitación ao longo do mes de maio das obras desta infraestrutura que mellorará a mobilidade na zona***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun aparcadoiro disuasorio en Domaio, no Concello de Moaña.

A aprobación do Decreto constitúe un requisito para proceder á ocupación dos terreos necesarios, que implica un orzamento de menos de 5.000 euros, para a posterior execución das obras que se poderán iniciar ao longo do segundo semestre de 2014.

Deste xeito, porase en valor unha parcela de 1.500 metros na zona na antiga estrada PO-531, que está fóra de uso, nas proximidades da glorieta de unión entre a estrada PO-551 e o Corredor do Morrazo.

A actuación é consecuencia do Plan de aparcadoiros disuasorios promovido pola Dirección Xeral de Mobilidade, co obxectivo de avanzar cara unha mobilidade sustentable, e ir da man dos obxectivos marcados na estratexia de Europa 2020.

As obras serán licitadas por máis de 150.000 euros ao longo deste mes de maio e con esta actuación dotarase de 32 prazas de aparcadoiro (31 prazas normais +1 praza de minusválido).

Mobilidade sustentable

Unha das liñas fundamentais da Consellería de Medio Ambiente é o fomento dunha mobilidade sustentable, é dicir, un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros xeitos alternativos ao emprego indiscriminado do coche, tanto no ámbito interurbano e metropolitano. No marco destas actuacións sitúase a promoción dos aparcadoiros disuasorios como elementos que van permitir o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono por medio do fomento do transporte público e das viaxes compartidas (car-pooling).

Estes espazos pretenden reducir a conxestión de tráfico, promover o uso do transporte sustentable e incrementar a eficiencia no emprego do transporte e das infraestruturas. Con este proxecto a Xunta pretende diminuír o tempo de desprazamento ao obter a máxima eficiencia en cada etapa de viaxe; potenciar o uso do transporte público e evitar a mobilidade en vehículo privado en vías e zonas conxestionadas.

As actuacións formuladas no plan para potenciar o uso dos aparcadoiros disuasorios consistirán, entre outras, na posta en marcha dunha sinalización común para todos de xeito



que os cidadáns os identifiquen claramente nos accesos ás cidades. Ademais, acordarase cos concellos as modificacións necesarias na oferta de transporte para conectalo adecuadamente coas áreas de intercambio modal, e poranse en marcha vantaxes como unha tarificación conxunta para o intercambio entre o vehículo privado e o transporte público.



APROBADO O REGULAMENTO DO CONSELLO ASESOR E CONSULTIVO DA XUVENTUDE, UN ÓRGANO INDEPENDENTE ABERTO A TODAS AS ASOCIACIÓNS

- ***A Consellería de Traballo e Benestar prevé a constitución e posta en marcha deste organismo no segundo semestre deste ano***
- ***A súa creación está prevista na Lei de xuventude de Galicia, que foi aprobada no Parlamento galego en 2012***
- ***Será un órgano de participación, representación e consulta das políticas da Xunta en materia de xuventude e reforzará e impulsará a participación da mocidade e sociedade civil nos temas de seu interese***
- ***Promoverá a posta en marcha dos consellos locais de xuventude co obxectivo de achegar o novo modelo de participación e dar máis protagonismo aos concellos e ás propias asociacións xuvenís de carácter local***
- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo Regulamento, que entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG, prevista para os próximos días***

O Goberno galego aprobou hoxe o regulamento do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, un órgano colexiado, independente e aberto a todas as asociacións xuvenís de carácter autonómico e que reforza e impulsa a participación da mocidade e da sociedade civil nos temas de interese para a xuventude. Polo tanto, será un órgano de participación, representación e consulta das políticas da Xunta en materia de xuventude. O Consello da Xunta deu luz verde ao seu regulamento, unha vez que foi sometido ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

A Consellería de Traballo e Benestar prevé poñer en marcha o Consello no segundo semestre deste ano coa súa constitución, data a partir da que calquera asociación xuvenil con carácter autonómico poderá incorporarse a este órgano. Unha vez aprobado o decreto, entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG, que está prevista para os próximos días.

Para a elaboración do regulamento contouse coa participación das principais entidades xuvenís da Comunidade Autónoma.

A creación deste órgano colexiado está prevista na Lei de xuventude de Galicia que foi aprobada no Parlamento galego en 2012, unha normativa que está a reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas destinadas á mocidade galega.

Coa posta en marcha desta iniciativa, cámbiase o actual modelo de participación xuvenil cara a “un verdadeiro” sistema de representación da mocidade. Precisamente, ademais de facilitar a incorporación de todas as asociacións xuvenís ao Consello, promove a creación dos consellos locais de xuventude, co obxectivo de achegar o novo modelo de participación e dar máis protagonismo ás propias administracións locais e ás propias entidades de carácter local. Desta forma, as asociacións xuvenís de carácter autonómico e os consellos

locais de xuventude terán a maioría da representación do voto no Consello. Os representantes das entidades no Consello deberán ser nomeados atendendo ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Constitución

O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia contará cunha asemblea xeral, que se reunirá ordinariamente unha vez cada semestre; co Observatorio Galego de Xuventude como comisión permanente; cunha presidencia, que será elixida pola asemblea xeral; e cunha vicepresidencia. Ademais, posibilitarase a creación de grupos de traballo. Os representantes deberán contar entre 14 e 30 anos, ambos inclusive.

Polo tanto, o Consello asumirá, entre outras actuacións, as funcións do Observatorio Galego de Xuventude, que na actualidade depende directamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Entre as funcións do observatorio destaca a presentación, con carácter anual, de informes sobre a conxuntura xuvenil en que se reflictan as principais variables sociais e se formulen propostas e recomendacións tendentes a promover o desenvolvemento das políticas xuvenís de Galicia, especialmente en materia de vivenda e emprego. O observatorio reunirse ordinariamente cada dous meses.

A tramitación necesaria para a constitución deste órgano colexiado porase en marcha coa designación dunha comisión xestora que será a encargada de realizar as accións necesarias para a adhesión das entidades ao Consello, así como de convocar á asemblea xeral constituínte en que se elixirá a Presidencia.



A XUNTA FINANCIA CON 750.000 EUROS UN PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA OS EMPREENDEDORES DO CENTRO GALICIA OPEN FUTURE DO GAIÁS

- ***A apertura deste Centro de Emprendemento na Cidade da Cultura é un dos compromisos adquiridos por Telefónica tras a súa adhesión ao Pacto Dixital de Galicia***
- ***Os seleccionados para desenvolver os seus proxectos neste espazo de crowdworking, promovido por Telefónica en colaboración coa Amtega, o Igape e a GAIN, recibirán unha bolsa de 2.000 euros***
- ***Concederase unha axuda de 25.000 euros a cada unha das tres iniciativas seleccionadas como mellores proxectos en cada convocatoria anual***
- ***O programa recolle tamén tres préstamos anuais reembolsables de 25.000 euros para a posta en marcha de proxectos emprendedores***
- ***A convocatoria para acceder á iniciativa Galicia Open Future abrirase o vindeiro 12 de maio e o Centro entrará en funcionamento despois do verán***

A Xunta destina 750.000 euros ao Programa de incentivos á excelencia innovadora en materia TIC ao que accederán os emprendedores e startups seleccionados en cada unha das convocatorias da iniciativa Galicia Open Future, que porá en marcha Telefónica na Cidade da Cultura e cuxa convocatoria se abrirá o 12 de maio.

A apertura deste Centro de Emprendemento no Gaiás é un dos compromisos adquiridos polo operador tras a súa adhesión o pasado mes de novembro ao Pacto Dixital de Galicia, impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e tras a sinatura un mes despois dun convenio entre Telefónica España, a Amtega e as consellerías de Economía e Industria e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Tres liñas de actuación

O programa, aprobado hoxe no Consello da Xunta, establece tres tipos de incentivos canalizados a través da Consellería de Economía e Industria. Así, a Axencia Galega de Innovación achega 525.000 euros para o patrocinio de ideas e axudas para a posta en marcha de proxectos emprendedores; e o Igape, a través de Xesgalicia, achega 225.000 euros para préstamos reembolsables.

A través do patrocinio de ideas emprendedoras chegarase a cada un dos profesionais ou startups seleccionado en cada unha das convocatorias de Galicia Open Future unha bolsa de 2.000 euros para a súa participación no proxecto. Ademais, a Axencia Galega de Innovación publicará na súa web unha descrición dos proxectos seleccionados como exemplo de boas prácticas innovadoras.

As tres iniciativas seleccionadas como mellores en cada convocatoria recibirán unha axuda de 25.000 euros, a título individual, para a execución do proxecto. Esta achega, compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, irá destinada a subvencionar gastos necesarios para a viabilidade do proxecto empresarial (adquisición de equipamento,



elaboración do plan de negocio, asesoramento no rexistro de patentes, busca de investidores...).

A terceira liña do programa recolle tres préstamos reembolsables de 25.000 euros cada un para os tres mellores proxectos anuais, que se constitúan previamente como empresa.

Galicia Open Future

A convocatoria para acceder á iniciativa de emprendemento Galicia Open Future abrirase o vindeiro 12 de maio, día en que se informará dos requisitos e prazos e, tras o proceso de selección, o centro entrará en funcionamento despois do verán.

Seleccionaranse ata 50 proxectos que accederán ao espazo de crowdworking, situado no Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura, e integrado na rede internacional de centros crowdworking de Telefónica Open Future, desde onde se lles facilitará o contacto con futuros investidores e poderán acceder á plataforma de innovación e transformación en liña Telefónica Open Platform, ademais de ter acceso a actividades de formación e mentoring.

Os participantes de Galicia Open Future reforzarán e consolidarán o seu modelo de negocio. E entrarán en contacto con programas de transformación e aceleración baseados na creatividade e a innovación. Accederán a programas específicos de financiamento e entrarán en contacto con investidores.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ORDE DE SUBVENCIÓNS PARA AS ONGD QUE REALICEN PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***Esta orde establece as bases reguladoras destas axudas que financiarán actividades de sensibilización, formación, investigación e mobilización social no ámbito da cooperación para o desenvolvemento***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe unha orde da Vicepresidencia pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento. A convocatoria terá carácter plurianual (2014-2015) e financiarase con preto de 500.000 euros.

As entidades beneficiarias serán as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e agrupacións lideradas por ONGD. Así, mediante esta orde poderanse financiar actividades desenvolvidas dentro das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento, que son a sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza, a formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; a investigación sobre o desenvolvemento e a mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

Ademais, poderanse financiar actividades dirixidas á consolidación e ao fortalecemento de ONGD con domicilio social ou sede permanente en Galicia. A dotación orzamentaria desta convocatoria é de 472.500 euros, dos que 312.500 euros son para actividades de educación para o desenvolvemento de ONGD, e 160.000 euros para actividades para consolidación e fortalecemento de ONGD.

A convocatoria responde ao establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e no Plan anual 2014 no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable, e apoiar a formación e capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 7,6 MILLÓNS DE EUROS PARA LICITAR O ACCESO AO PORTO DE BURELA, QUE REDUCIRÁ TRÁFICO PESADO POLO NÚCLEO URBANO DA VILA

- ***A Consellería de Medio Ambiente sacará a concurso as obras neste mes de maio***
- ***Evitará que mais de 400 camiións diarios atravesen a localidade***
- ***A nova vía, de 1,26 quilómetros, enlazará a avenida Arcadio Pardiñas coa avenida da Marina na zona portuaria, á altura da nova lonxa***
- ***As principais modificacións introducidas no proxecto implican a súa adaptación ao planeamento urbanístico e un menor impacto ambiental, de xeito que non eliminará as vistas ao mar debido a que irá practicamente en desmorte***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a autorización dun gasto por importe de 7,6 millóns de euros para o remate das obras de acceso ao porto lucense de Burela, un dos de maior volume de operacións dentro das infraestruturas portuarias adscritas á Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas licitará a actuación neste mesmo mes de maio, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, cun prazo de execución de 24 meses.

O actual acceso á zona portuaria realízase polo centro do núcleo urbano, coas molestias e perigosidade que supón tanto para os usuarios do porto como para a propia localidade de Burela. Debido ao incremento da actividade que experimenta o recinto portuario e ao aumento do tráfico que se produce co funcionamento da nova lonxa, considérase necesario construír un novo acceso que facilite a entrada e saída do porto, evitando o tráfico de mais de 400 vehículos pesados ao día polo núcleo urbano de Burela.

No ano 2007 adxudicouse a obra, pero o Tribunal Superior de Xustiza decidiu a súa paralización por estimar que o proxecto non era acorde co planeamento urbanístico vixente, circunstancia que motivou a interrupción dos traballos, dos que se levaban executados aproximadamente uns 500.000 euros, e a rescisión do contrato.

Características

A nova vía de 1,26 quilómetros, enlazará a avenida Arcadio Pardiñas coa Avenida da Marina na zona portuaria, á altura da nova lonxa. O ámbito obxecto do proxecto corresponde a uns terreos pouco accidentados, que están limitados ao leste por un acantilado duns 30 metros de altura e o suroeste pola liña de FEVE. O trazado cruza a liña de tren aproximadamente no pk 0+920 a través dun paso inferior e terá tres carrís de 3,5 metros cada un, así como beiravías de 1 metro a ambos os lados da calzada.

Para a execución da estrutura que permite o paso do acceso baixo a liña FEVE será necesario o traslado e posterior reposición a súa situación orixinal do treito de liña ferroviaria afectada. Así mesmo, é preciso un traslado definitivo dun treito de liña FEVE como consecuencia do tendido de noiros de desmorte inestables na primeira metade do novo trazado (afecta o treito de liña comprendido entre os pk 113/4 e 113/8 da liña ferroviaria).



Proxéctase, tamén, a sinalización horizontal, vertical, barreiras de seguridade e relocalización da barreira de protección de motociclistas. E iluminarase o trazado mediante unha luminaria composta por báculo dun único brazo. Ademais, propónse a colocación de luminarias no paseo peonil.

Principais modificacións

As principais modificacións introducidas respecto do proxecto orixinal implican a súa adaptación ao planeamento urbanístico, axustándose ao trazado que prevé o actual PXOM; e un menor impacto ambiental, de xeito que a actuación non eliminará as vistas ao mar debido a que irá practicamente en desmonte (no proxecto orixinal percorría en terraplén). Isto provoca, ademais, que o cruzamento coa liña de ferrocarril se realice a través dun paso inferior.



A XUNTA AVANZA NA NOVA LIÑA O IRIXO-LALÍN QUE MELLORARÁ A CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DA ZONA

- ***A LAT (liña de alta tensión) suporá un investimento de máis de 3 millóns de euros e fortalecerá a calidade e seguridade do sistema eléctrico no concello ourensán do Irixo e nos pontevedreses de Dozón e Lalín***
- ***A liña, de 22 quilómetros, garante tamén a correcta evacuación de toda a enerxía xerada polo parque eólico do Irixo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da liña eléctrica de alta tensión (LAT) que unirá á subestación do parque eólico do Irixo coa subestación de Lalín e que, cunha lonxitude de case 22 quilómetros, discorrerá polos termos municipais do Irixo (Ourense), Dozón e Lalín (Pontevedra). A actuación, desenvolvida por Unión Fenosa Distribución, suporá un investimento de máis de 3 millóns de euros co obxectivo de reforzar a calidade da subministración eléctrica dos concellos, atendendo do mellor xeito posible á demanda de enerxía eléctrica tanto por parte das industrias como dos cidadáns.

Deste xeito, o proxecto incidirá positivamente tanto na calidade como na seguridade da subministración destas localidades, xa que a construción da LAT proporciona un mallado da rede de distribución da zona. O dito mallado aumenta a capacidade de conexión de novos produtores na área, incrementando a potencia de cortocircuíto da rede, ademais de dotala dunha maior seguridade ante fallo de outras liñas.

Así mesmo, a liña, de 132 kv, garante a correcta evacuación de toda a enerxía xerada polo parque eólico do Irixo. Esta instalación, situada nos concellos do Irixo, Piñor e O Carballiño, suma 27 aeroxeneradores, con 20 MW de potencia e un investimento de máis de 15 millóns de euros.

A través da nova infraestrutura, o Goberno galego mantén a súa aposta polo impulso das enerxías renovables e pola mellora da calidade do abastecemento enerxético na Comunidade. Cómpre lembrar que nos últimos 5 anos a Consellería de Economía e Industria leva investidos máis de 37 millóns de euros para a adecuación das infraestruturas enerxéticas.

Neste sentido, executáronse distintos plans de calidade coas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, apoiouse o soterramento de infraestruturas eléctricas nos concellos e desenvolvéronse outras actuacións puntuais como os convenios de adecuación de liñas eléctricas de Verín e da península do Morrazo.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA O SEU COMPROMISO COA PROMOCIÓN EXTERIOR DA LINGUA E CULTURA GALEGAS COA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN LECTORADOS DE UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL E ITALIA

- ***O Consello da Xunta deulle hoxe visto e praxe á oferta de prazas nas universidades de Barcelona, Granada, Complutense de Madrid, do Algarve, de Padua e de Roma 'La Sapienza'***
- ***A Consellería mantén unha Rede de Centros de Estudos Galegos que conta actualmente con 36 sedes noutras tantas universidades de Europa e América***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará o seu compromiso coa promoción exterior da lingua e cultura galegas coa convocatoria de 6 prazas en lectorados de universidades de España, de Portugal e de Italia. En concreto, a nova oferta de prazas, por tres anos, destínase á Universidade de Barcelona, á Universidade de Granada, á Universidade Complutense de Madrid, á Universidade do Algarve, á Universidade de Padua e á Universidade de Roma 'La Sapienza', unha vez que os actuais lectores bolseiros rematen as súas estadias.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades de fóra de Galicia interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas. Trátase de órganos de referencia nestas universidades a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia. Na actualidade a Consellería de Cultura e Educación conta cunha Rede de centros de estudos galegos con 36 sedes noutras tantas universidades de Europa e de América.

Requirimentos

Para accederen a estas bolsas de formación, os interesados deberán estar en posesión da licenciatura en filoloxía galega; da de hispánicas, subsección galego-portugués; da de románicas tendo cursado galego como primeira ou segunda lingua románica; dos graos en lingua e literatura galegas, en estudos de galego e español, en galego e portugués; estudos lingüísticos e literarios, en lingua e literatura españolas (sempre que a lingua B ou C elixida dose o galego e o grao fose cursado baixo a modalidade *Minor* en lingua e literatura galegas ou *Maior Plus* en introdución á lingua e literatura galegas) e en lingua e literatura modernas (sempre que a lingua B ou C elixida fose o galego e o grao fose cursado baixo a modalidade de *Minor* en lingua e literatura galegas ou *Maior Plus*/modalidade mixta en introdución á lingua e literatura galegas).

Nos casos das prazas localizadas en Italia, tamén poderán concorrer aquelas persoas que estean en posesión da licenciatura en tradución e interpretación -sempre que acrediten como mínimo 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés- ou o grao en tradución e interpretación -sempre que, como mínimo, acrediten 27



créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés-.

Os novos lectores bolseiros incorporaranse ás súas prazas nos centros de estudos galegos de diferentes universidades, nas cales complementarán o seu programa formativo con actividades prácticas titorizadas de docencia, de investigación e de dinamización da lingua, da literatura e da cultura galegas.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O TRANSPORTE ESCOLAR DE 122 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES COA COLABORACIÓN DE AMENCER-ASPACE, ASPANAEX, E CRUZ VERMELLA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das addendas de convenios con estas asociacións, ás que se suman outros 4, ata sumar un total de 183 alumnas e alumnos transportados a través destes acordos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará o transporte escolar de 122 alumnas e alumnos con discapacidades, a través da renovación dos convenios, coa Asociación de atención á parálise cerebral e afíns Amencer-Aspace, coa Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual (ASPANAEX), e coa Cruz Vermella, entidades que veñen subscribindo ano a ano unha colaboración para tal fin co departamento educativo da Xunta de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das correspondentes addendas, das cales se beneficiarán no curso académico 2014/15 estudantes das catro provincias galegas, e que supón un investimento de máis de 367.000 euros.

Cómpre lembrar que a consellería tamén colabora neste sentido coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO), con Baión Asociación para o Tratamento do Autismo (BATA) e coa Asociación Socio—Cultural de Minusválidos (ASCM—Ferrol). Desta forma o número de transportados a través destes 7 convenios ascende a 186 alumnas e alumnos. A maiores, a Consellería asume a diario o transporte de case 89.000 estudantes.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan. Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Atención á diversidade

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O CONCELLO DE ABEGONDO E AUGAS DE GALICIA PORÁN EN MARCHA O PROXECTO “RURAL SUPPLIES: SOSTENIBLES SOLUTIONS FOR VERY SMALL WATER SUPPLIES”

- *Para tal efecto, asinaron un convenio de colaboración*
- *O obxectivo central deste proxecto, que ten unha duración de catro anos, é fortalecer o sostemento das pequenas subministracións de auga en comunidades rurais dispersas, garantindo, en todo momento, a calidade para o consumo humano*
- *Esta iniciativa ten un orzamento de preto de 775.000 euros, cofinanciados pola Comisión Europea*

O Concello de Abegondo, xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a entidade pública Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade, presentaron unha proposta de proxecto ao Programa Life+ da Unión Europea.

Para tal efecto, o Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, aprobou a sinatura do convenio de colaboración entre as anteditas entidades para a posta en marcha desta iniciativa denominada “Life rural supplies: sostenibles solutions for very small water supplies”, que ten un orzamento de 774.122 euros, dos cales 382.560 serán financiados pola Comisión Europea e 391.562 polos socios, que son Aguas de Galicia (78.870 euros); a Consellería de Sanidade (107.998) e o Concello de Abegondo (204.694).

O obxectivo central deste proxecto, que ten unha duración de catro anos, é fortalecer o sostemento das pequenas subministracións de auga en comunidades rurais dispersas, garantindo, en todo momento, a calidade da auga de consumo humano, e iniciar o desenvolvemento de accións innovadoras de carácter demostrativo que melloren as capacidades da poboación local na dotación de servizos de auga mediante sistemas de abastecemento descentralizados.

O beneficio esperado, logo da realización das accións que se van levar a cabo neste proxecto, será unha melloría da calidade da auga de consumo humano dos abastecementos que subministran os núcleos pequenos de poboación que non están obrigados a cumprir a normativa que regula as augas de consumo, repercutindo isto directamente na saúde das persoas da poboación rural de Galicia.

Realizacións

No marco desta iniciativa preténdense desenvolver catro accións innovadoras de carácter demostrativo que melloren as capacidades da poboación local na dotación de servizos de auga mediante sistemas de abastecemento e saneamento descentralizados. Así, en primeiro término, determinaranse as solucións técnicas máis axeitadas na captación, distribución e tratamento das augas subterráneas consumidas de pozos e mananciais.



Ademais, ensaiaranse instalacións de carácter autónomo adaptadas ás vivendas rurais para minimizar o impacto ambiental das augas residuais domésticas. Igualmente, validaranse os plans sanitarios como ferramenta para mellorar a seguridade da subministración. Finalmente, definirase un modelo factible de recuperación de custos dos servizos autónomos de auga no contorno rural, incentivando o uso eficiente dos recursos hídricos.

Normativa

Cómpre lembrar que Galicia ten a súa poboación dispersa polo seu territorio, moita parte da poboación rural é abastecida por pozos particulares ou traídas de veciñanzas. Con relación aos abastecementos de auga de consumo humano, a normativa sanitaria estatal e europea vixente exclúe do seu ámbito de aplicación os abastecementos individuais e domiciliarios ou fontes naturais que subministren como media menos de 10 m³ de auga, ou que abastezan a menos de 50 habitantes, agás cando se perciba un risco potencial para a saúde das persoas derivado da calidade da auga, caso en que a autoridade sanitaria requirirá a Administración local para que adopte para estes abastecementos as medidas axeitadas para o cumprimento do disposto na normativa sanitaria.

Por outra banda, e segundo a normativa local, os concellos son responsables de asegurar que a auga subministrada a través de calquera rede de distribución, cisterna ou depósito móbil no seu ámbito territorial sexa apta para o consumo no punto de entrega ao consumidor.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016

- ***O Goberno galego comprométese a garantir a necesaria atención, asistencia e protección dos cidadáns galegos residentes no exterior, especialmente daquelas e aqueles en situacións de maior precariedade***
- ***Como soporte necesario para a acción do Goberno, incentívase a evolución das entidades galegas, de acordo coa Lei de galegitude, para a modernización na prestación de servizos, orientándoos ás necesidades actuais da diáspora***
- ***O Plan recolle o papel das Comunidades Galegas do Exterior como apoio fundamental para a proxección exterior de Galicia, así como a intensificación no apoio ao proceso de maior protagonismo da muller e a mocidade no ámbito da galegitude***
- ***A protección do patrimonio histórico, cultural e documental da galegitude en todo o mundo pasa a configurar un obxectivo relevante da acción de goberno***
- ***O fomento do retorno, incentivando iniciativas para a transferencia dos coñecementos e experiencias á Galicia territorial, é outro dos obxectivos presentados no documento***

O Executivo galego estudou e deu luz verde ao Plan integral de emigración 2014-2016, estruturado en 10 áreas de traballo específicas e 6 transversais, 27 liñas de actuación específicas e 19 transversais, e 81 accións concretas a desenvolver no período marcado. O documento será presentado no seo da Comisión Delegada do Consello das Comunidades Galegas (máximo órgano de representación estable da diáspora) na súa vindeira xuntanza do 12 e 13 de xuño, e ao que xa foran presentadas as súas liñas estratéxicas na súa última reunión.

O Plan márcase como obxectivos fundamentais, en primeiro termo, garantir a necesaria atención, asistencia e protección dos cidadáns galegos residentes no exterior, especialmente daqueles en situacións de maior precariedade, facendo así extensiva ao Exterior a aposta do Goberno galego pola blindaxe do investimento en materia social.

Tamén persegue fornecer o apoio ás comunidades galegas, e outras entidades galegas asentadas fóra da Galicia territorial, como canle privilexiada da sociedade galega para a súa proxección exterior.

Modernización, e papel da muller

Neste sentido, asemade, incentiva a evolución das entidades galegas, de acordo coa Lei de galegitude, para a modernización na prestación dos seus servizos, orientándoos ás necesidades actuais da diáspora. Desta maneira, garántese unha mellora nas condicións de vida dos galegos no Exterior.

Da mesma maneira, este documento marco apunta como estratéxico o fomento dos procesos necesarios para garantir a continuidade das comunidades galegas e entidades



galegas fóra de Galicia e, de xeito especial, a unión de entidades galegas que compartan o mesmo espazo territorial, e o fomento da eficacia e eficiencia no traballo organizativo das comunidades e entidades galegas no exterior.

Igualmente, o Plan quere dar un importante pulo á participación igualitaria das mulleres na galegitude, cuxa presenza nos órganos representativos da diáspora está medrando de maneira significativa nos últimos anos. A ese respecto, a Xunta comprométese a potenciar esa tendencia dentro das súas posibilidades, respectando a independencia das entidades.

Patrimonio

Un dos aspectos aos que o Plan dá maior relevancia é a protección do patrimonio histórico, cultural e documental da Galegitude, a través de accións concertadas coas comunidades e entidades galegas asentadas fóra da Galicia territorial, por canto a memoria viva da nosa terra se asenta alí nunha gran medida: baste lembrar que o himno galego foi interpretado por vez primeira na Habana, porto ao que chegaban os barcos que inspiraron a bandeira galega, ou que foron moitos os escritores e artistas relevantes que atoparon acubillo nas comunidades galegas no exterior.

Outro aspecto destacado do Plan é o fortalecemento da proxección internacional da economía, cultura e valores sociais do pobo galego no exterior, a través das comunidades e entidades galegas asentadas fóra da Galicia territorial, por canto a sociedade galega conta coa vantaxe diferencial da destacada presenza das nosas comunidades en moitos países de primeira orde, que poden supoñer aliados estratéxicos de especial interese para a recuperación económica.

O fomento do retorno dos galegos residentes no Exterior é outro dos piares básicos do documento presentado hoxe na reunión do Executivo autonómico. É un obxectivo compartido por todo o Goberno galego establecer as mellores condicións posibles para que a transferencia dos coñecementos e experiencias da diáspora sexa aproveitada para progreso dos propios retornados, pero tamén de toda a sociedade galega.

Importancia da mocidade

Así mesmo, a Xunta fíxase como outro dos seus obxectivos no campo da Emigración fortalecer o proceso –no que xa se teñen dado pasos significativos nos últimos anos- de plena integración da xuventude na vida diaria das comunidades galegas do Exterior e nos órganos de representación da Galegitude, coa finalidade de garantir o relevo xeracional nas entidades galegas na diáspora.



A XUNTA DE GALICIA PROPORÁ A CONXELACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DE TODAS AS MATRÍCULAS PARA GARANTIR O ACCESO DO ESTUDANTADO ÁS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS DE GRAO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- ***Galicia manterá así a súa posición como Comunidade Autónoma coas taxas de inscrición nos graos universitarios máis baixas, liderando o apoio ao alumnado***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que atinxe aos prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos de grao no Sistema Universitario de Galicia, en virtude da que se manterían conxeladas tanto as primeiras como as sucesivas matrículas. Deste xeito o Goberno galego reafirma a súa aposta pola igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, tal e como vén facendo desde 2009.

Así, Galicia sería a Comunidade Autónoma cos prezos públicos máis baixos relativos ás matrículas de graos universitarios. O día 26 de maio a proposta será debatido no Consello Galego de Universidades, co fin de chegar a un acordo con todos os axentes implicados en prol do apoio ao alumnado.

Promedios

A proposta da Xunta no referido ás matrículas de grao para o curso 2014/2015 – que representan o 92,5% das que se realizan no SUG- pasa pola conxelación dos prezos públicos, o que volvería a situar ao SUG como o sistema universitario cos prezos máis baixos, tanto en primeiras como en sucesivas matrículas.

Así, quen se inscriben por primeira vez en materias de grao no SUG aboarían un prezo promedio de 11,89 euros por crédito, un colectivo que supón o 84,16% das matrículas en grao. Para as segundas matrículas (o 11,79% do total) o prezo promedio sería de 16,46 euros, de 26,62 euros para a terceira matrícula (o 2,99% do total); e de 33,92 euros para cuarta e sucesivas (o 1,06% do total).

Mantense así a posición de liderado de Galicia, cuns 11,89 euros por crédito que está moi por debaixo dos 33,52 de Cataluña e mesmo dos 17,13 euros de comunidades veciñas como Asturias.

Galicia, líder no apoio ao estudantado

Cómpre lembrar que Galicia é comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extra académicos. Para iso o Consello Galego de Universidades informou favorablemente a subida mínima permitida dos prezos públicos – o IPC- nos cursos 2009/2010, 2010/2011 e 2011/2012. A partires do cambio de sistema para a actualización dos prezos, o curso 2012/2013 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a subida mínima posible para os



de sucesivas matrículas. Para o curso 2013/2014 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2014/2015.

Ademais a Consellería de Cultura e Educación leva anos desenvolvendo unha política activa de apoio ao estudiantado universitario a través de axudas para inicio e continuación de estudos. Así, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinou este ano 1 millón de euros á liña de axudas para o inicio e continuación de estudos, dirixida a quen non cumpriran os requisitos esixidos polo Ministerio. Ademais, este ano destinaranse 91.000 euros á convocatoria das axudas dirixidas a cubrir as causas imprevistas que poidan afectar á continuación de estudos universitarios; e convocouse unha liña específica de axudas para o inicio de estudos de máster dirixidas a persoas en situación de desemprego, cun orzamento de 200.000 euros.

